

INFORMACIÓN BÁSICA PARA ESTUDANTES DA FACULTADE DE PSICOLOXÍA QUE PARTICIPAN EN PROGRAMAS DE INTERCAMBIO

Despois de obter unha praza de intercambio, o primeiro que tes que facer no centro é **contactar co coordinador correspondente para facer o acordo académico** e preparar as tramitacións a realizar coa universidade de destino.

O/a estudante que vai de intercambio segue a ser alumno/a da Universidade de Santiago de Compostela, por iso **ten que matricularse no prazo establecido do total dos créditos incluídos no acordo de estudos**, igual que no caso de cursar as materias na USC. Debe matricularse de todas as materias ou créditos que constan no acordo académico, xa sexan do plan de estudos (por exemplo 081401 Psicoloxía da Educación ou G2011226 Psicoloxía da Interacción Social), ou créditos xenéricos que non teñen correspondencia cunha materia do dito plan (por exemplo 5 créditos de libre elección pola materia *Research with children* ou 9 créditos optativos por *Individual differences*).

Así mesmo, ao chegar á Universidade de destino debe matricularse das materias do acordo para constar nas actas e que a universidade poida darlle un certificado de notas, pero só pagará a matrícula na USC.

IMPORTANTE: Debes estar matriculado das materias que consten no acordo académico. Non se recoñecerán as materias que non estean no acordo ou das que non esteas matriculado. Por iso, se modificas o acordo académico é moi importante que modifiques tamén a matrícula.

No caso de que desexes cambiar o teu acordo académico inicial, tes unicamente dous momentos para facelo:

- 1- Un mes dende a túa chegada á universidade de destino
- 2- Se vas a estar o curso completo de intercambio, para as materias do segundo semestre, disporás dun segundo prazo dun mes dende o comezo dese segundo semestre na universidade de acollida

Para a facer a modificación deberás poñerte en contacto co teu coordinador/a na USC mediante o correo electrónico e facerlle unha nova proposta. Unha vez aceptada a modificación polo coordinador/a, debes recadar a aceptación (sinatura) do Responsable Académico da universidade de acollida e enviar o documento para que sexa asinado na USC.

A continuación, e nun prazo máximo de 10 días despois de obter a autorización da modificación, o/a estudante debe de modificar tamén a matrícula, tanto na USC como na Universidade de destino.

AO REALIZAR O TEU ACORDO ACADÉMICO E SEMPRE ANTES DE FORMALIZAR A TÚA MATRÍCULA TEN EN CONTA QUE:

ERASMUS:

- Estadías de 1 semestre: Deberán incluírse ordinariamente no Acordo 30 créditos (mínimo 20).
- Estadías de Curso completo: Deberán incluírse ordinariamente no Acordo Académico 60 ECTS (mínimo 40)

SICUE:

- Estadías de 1 semestre: Deberán incluírse no Acordo un mínimo de 24 créditos (máximo 30).
- Estadías de Curso completo: Deberán incluírse no Acordo Académico un mínimo de 45 ECTS (máximo 60).

CONVENIO BILATERAL:

- Estadías de 1 semestre: Deberán incluírse ordinariamente no Acordo 30 ECTS (mínimo 20).
- Estadías de Curso completo: Deberán incluírse ordinariamente no Acordo Académico 60 ECTS (mínimo 40).

• Nos intercambios internacionais, o estudantado de Grao soamente pode incluír no seu acordo de estudos unha materia suspensa por cada curso académico transcrito. Se o intercambio é dun semestre, deberá matricularse na USC das materias suspensas do período en que non vaia a realizar a mobilidade. No intercambio SICUE, en ningún caso poderán ser incluídas no acordo académico materias cualificadas con suspenso con anterioridade no centro de orixe.

• A equivalencia en créditos no acordo académico será de 1 crédito = 1 crédito.

• O alumnado poderá presentarse á oportunidade de exame de xullo na USC naquelas materias do acordo académico do primeiro semestre que non supere na universidade de destino, sempre que teñan unha equivalente no plan de estudos desta Facultade. Esta petición deberá ir dirixida ao coordinador cun mínimo de 30 días antes do inicio do período de exames de xullo. Ademais, deberás acreditar no momento da solicitude que a materia en cuestión non se superou na universidade de destino, e deberá ter en conta que só se poderá admitir cando a súa superación en base á realización do exame da 2ª

oportunidade sexa compatible co sistema de avaliación establecido guía docente da materia equivalente na USC.

• Os/as estudantes de 4º de Grao deberán ter en conta as dificultades da realización do Prácticum e TFG. Se ben o período de intercambio poderá incluír unha formación práctica ou traballos academicamente dirixidos se figuran no plan de estudos, hai que ter en conta que moitas universidades non admiten estudantes para cursar este tipo de materias, ou simplemente non existe unha formación equivalente. Considera ademais que o Prácticum, aínda que é do 2º semestre, consta dun curso obrigatorio de Ética e Deontoloxía no mes de outubro.

OUTRAS RECOMENDACIÓNS:

✓ Antes do teu regreso, debes realizar as seguintes xestións imprescindibles na universidade de destino:

1. Solicitar expedición da certificación académica acreditativa dos estudos realizados.
2. Cubrir debidamente o certificado de fin de presenza.

✓ Lembra consultar a información dispoñible sobre os programas de intercambio na páxina web do Servizo de Relacións Exteriores (SER) da USC:

<http://www.usc.es/gl/perfis/internacional/mobilidade/index.html>

DATOS DE CONTACTO:

Unidade de Xestión Académica (UXA - Campus Vida): uxa.sur@usc.es

CONTACTOS Servizo de Relacións Exteriores (SRE) por Programas de Mobilidade: Mobilidade

Erasmus: erasmus@usc.es

Mobilidade SICUE: sicue@usc.es

Mobilidade Intercambio Bilateral: bilateral.exchange@usc.es

Contactos telefónicos do SRE: <http://www.usc.es/gl/perfis/internacional/mobilidade/index.html>

Facultade de Psicoloxía:

Responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Dptos.

María Luisa Bercero Redondo psicologia.uaxcd@usc.es

Tfno. +34 8818 13899 // FAX: Facultade de Psicoloxía: 981528072

Responsable académico de Mobilidade (RAM):

Olalla Cutrín Mosteiro vicdecato2.psicologia@usc.es

Tfno. +34 8818 13923